

ACTIVIDADES VIDA PRÁCTICA

Toda a área de vida práctica prepara ao neno para o adulto que vai ser. Deste xeito podémolos facer partícipes das tarefas da casa (coidado de plantas, animais, limpeza, cociña , orde... Para realizalas primeiro teremos que ofrecerlle primeiro un modelo de cunha orde clara para realizalas).

- Tender a roupa.
- Dobrar a roupa (así estamos traballando a secuenciación, xeometría e motricidade).
- Emparellar calcetíns e dobralos e clasificalos, os de mamá, papá... quen usou máis?
- Limpar o pó (motricidade grosa).
- Preparar zume de laranxa.
- Preparar canapés para a cea familiar.
- Facer galletas de diferentes formas, para o que lle podemos ir lendo a receita e que eles mesmos intenten facela (que busquen os ingredientes que necesiten, que razoen que utensilios necesitarán, é dicir, deixarlles facer todo o que consideredes que eles poden, so lle prestaremos axuda, se é necesario e nola piden ou cando consideremos que é perigoso).
- Pelar ovos cocidos.
- Cortar verduras.

- Axudar a lavar/secar pratos.
- Servir as bebidas na mesa.
- Poñer a mesa (contar cantos somos e poñer tantos vasos e tantos pratos como persoas estamos á mesa , etc).
- Recoller a mesa, e colocar as cousas no lava- vaixelas ou lavar a louza (todo isto sempre con voso apoio e vixilancia por suposto)
- Prepararse pequenas merendas: iogur con froita, un pequeno bocata....
- Espirse e vestirse sos, é un bo momento para mellorar a técnica xa que non andamos con présa.
- Facerse cargo da súa roupa: botala a lavar, dobrar pequenas pezas e gardalas nos lugares accesibles.
- Manter a orde no seu cuarto.
- Axudar a colocar a compra.
- Axudar a tender a roupa, (un exercicio xenial para mellorar a motricidade fina).
- Axudar a facer a cama .
- Levar a roupa ao cesto da roupa sucia ou axudar a metela na lavadora.
- Abrir e pechar diferentes envases.
- Regar e coidar as plantas.
- Encargarse da alimentación dos animais que teñamos na casa(en caso de telos).

- Utilizar un trapo para limpiar.
- Preparar un baño de burbujas e intentar lavarse sos.